

### **ACTA DA COMISIÓN INFORMATIVA DE DEPORTES, XUVENTUDE E VIDA SAUDABLE**

No Pazo Provincial, sendo as 12:30 horas do día 06/09/2024, reúnese a Comisión de Deportes, Xuventude e Vida Saudable, baixo a presidencia de D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup> **LUISA SANCHEZ MENDEZ**, sendo a súa suplente D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup> **SANDRA BASTOS MIGUEZ**, e coa asistencia das seguintes deputadas/os: **D. RAFAEL DOMINGUEZ ARTIME, D. JORGE CUBELA LOPEZ, D<sup>a</sup> BELEN CACHAFEIRO ANTA, D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> PILAR RAMALLO VAZQUEZ, D. MANUEL ALEJANDRO LORENZO ALONSO, D. JESÚS VAZQUEZ ALMUIÑA, D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> NAVA CASTRO DOMINGUEZ, D<sup>a</sup>. ANA LAURA IGLESIAS GONZALEZ, D<sup>a</sup> DIGNA RIVAS GOMEZ** en substitución de D. CARLOS GOMEZ PRADO, D. PACO FERREIRA GONZALEZ, D<sup>a</sup> NURIA RODRIGUEZ RODRIGUEZ, D. GORKA GOMEZ DIAZ, D. JAVIER IGLESIAS MOUGAN, D<sup>a</sup> BEATRIZ LOMBA RODRIGUEZ e D<sup>a</sup>. MARIA ORTEGA IÑARREA.

Actúa como Secretario **D. ANTONIO SANTOS GUERRA**.

Aberto o acto pola Presidencia, procédese ó estudo dos asuntos que figuran na orde do día, adoptándose os seguintes acordos:

#### **1.- LECTURA E APROBACIÓN SE PROCEDE, DA ACTA ANTERIOR.**

Non existindo ningún reparo, apróbase por unanimidade, a acta de 19 de xullo de 2024

#### **2.-DAR CONTA DA PROPOSTA DE RESOLUCIÓN PROVISIONAL E TRÁMITE DE AUDIENCIA DA CONVOCATORIA DE SUBVENCIÓNS DIRIXIDAS Á POSTA EN MARCHA DE INICIATIVAS DE INTERESE SOCIAL PROMOVIDAS POLA XUVENTUDE DA PROVINCIA DE PONTEVEDRA DURANTE O ANO 2024**

Por XG do 09/02/2024 aprobou a convocatoria e bases reguladoras para a concesión de réxime concorrencia competitiva das axudas destinadas á posta e marcha de iniciativas de interese social promovidas pola xuventude da provincia de Pontevedra durante o ano 2024.

As subvencións están dirixidas á asociacións e grupos informais que cumpran os requisitos das bases.

Asimesmo, publícase na sede electrónica a proposta de resolución provisional de dita convocatoria das 27 entidades presentadas, tendo un prazo de 10 días para formular alegacións.

#### **3.- DAR CONTA DA APROBACION DAS BASES REGULADORAS PARA A CONCESIÓN DE SUBVENCIÓNS A CLUBS DEPORTIVOS DA PROVINCIA DE PONTEVEDRA QUE PARTICIPAN EN COMPETICIÓNS FEDERADAS DE ÁMBITO ESTATAL PARA O ANO 2024**

Estas bases teñen por obxecto regular o procedemento de concesión das subvencións a clubs deportivos da provincia de Pontevedra que participen con algún equipo ou deportistas en competicións oficiais de ámbito estatal recollidas nesta normativa.

Poderán beneficiarse desta convocatoria os clubs deportivos sen ánimo de lucro, legalmente constituídos e con domicilio fiscal na provincia de Pontevedra, que contén cun equipo inscrito nalgunha das competicións oficiais de ámbito estatal establecidas nesta normativa ou participen con algún equipo ou deportista en categoría absoluta nas diferentes competicións oficiais de ámbito estatal e cumpran os requisitos que se establecen nestas bases.

O importe total desta convocatoria ascende a 900.000,00 €



#### 4.- ROGOS E PREGUNTAS

Non hai.

E non habendo máis asuntos que tratar e sendo as 12:35 horas do indicado día, dáse por concluída a reunión do que eu Secretario dou fe.

